

# Celga



# 4

ta: 7 de novembro de 2007  
Modelo: 2a



**XUNTA DE GALICIA**

**PRESIDENCIA**

**Secretaría Xeral de Política Lingüística**

Data: 25 de maio de 2008  
Modelo: C4/2008/A

## Proba A1

Vai escoitar dúas veces unha audición que fala dun novo produto tecnolóxico. Vostede é un comercial da compañía que o vende e debe preparar unha carta informativa dirixida a directores/as de centros educativos para convencelos/las da conveniencia de probar o dispositivo. A carta, de 400 palabras, debe incluír:

- A presentación do produto.
- Unha explicación de como funciona o dispositivo.
- Unha exposición dos argumentos que poidan convencer a pais e nais do alumnado de que o centro debe adoptalo.
- Unha exposición dos argumentos que poidan convencer a profesores e profesoras do centro educativo de que é conveniente usalo.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A1' section.

## Proba A2

Vostede é usuario/a dun aparcadoiro onde deixa o seu coche cando vai traballar e, nos últimos meses, puido comprobar como o prezo se incrementou nun 15%. A partir do seguinte informe que se lle achega, extraia a información precisa para escribirlle unha carta-denuncia ao Valedor do Pobo, nun texto de 400 palabras, no que debe constar:

- Presentación dos feitos.
- Elaboración da súa argumentación, incluíndo a seguinte información:
  - A lexislación pola que se regula este caso.
  - As irregularidades que se cometen ao abeiro da lei.
  - As melloras e prexuízos que se obtiveron coa entrada en vigor da lei.
- Conclusión: valoración persoal e solicitude de actuación por parte do Valedor do Pobo.

### Aparcadoiros públicos

O estudo realizado pola Organización de Consumidores e Usuarios (OCU) sobre as tarifas dos aparcadoiros públicos e privados para comprobar a situación tras a entrada en vigor da Lei de mellora da protección dos consumidores e usuarios que, entre outras modificacións, prohibía o redondeo, revela unha serie de irregularidades que se describen a continuación.

A OCU visitou 231 aparcadoiros en 27 cidades de toda a península e, entre elas, figuran establecementos de Vigo e da Coruña. Da dita investigación tírase unha conclusión alarmante: a supresión do redondeo non logrou que o consumidor pague menos; de feito, en estancias de 48 minutos e de 3 horas, as tarifas incrementáronse de media nun 7% e nun 15%, respectivamente.

Por outra banda, o dito estudo da OCU revela que existen graves infraccións dende a entrada en vigor da Lei de mellora da protección dos consumidores e usuarios, tales como que un 36% dos aparcadoiros visitados presentan irregularidades na facturación, irregularidades que se explican pola persistencia do cobro por bloques de duración superior a un minuto. Polo xeral, o abuso rexístrase no primeiro bloque –en 32 aparcadoiros cobran, como mínimo, media hora e en 20 deles o tempo mínimo é unha hora–.

Outra das vulneracións detectadas a partir deste estudo é que os aparcadoiros establecen, para recuperar o diñeiro que deixan de percibir polo redondeo, unha factura por entrar, independentemente do tempo de estancia no aparcadoiro. Esta falta cométena o 6% dos aparcadoiros visitados e a tarifa que aplican varía dende os 5 céntimos ata 1 euro.

Segundo o informe, existe un terceiro abuso que sofren os usuarios dos aparcadoiros, que é o chamado “minuto de ouro”, mediante o cal e, amparándose na liberdade de tarifas, algúns aparcadoiros aproveitan para cobrar un prezo máis elevado polo primeiro minuto de estancia. O custo do “minuto de ouro” oscila entre os 20 céntimos e os 2 euros. Esta práctica vén realizándose impunemente nun 10% do total dos establecementos investigados.

Outra cuestión que se analizou neste estudo foi a información das tarifas que ofrecen os aparcadoiros, na que tamén se atoparon irregularidades, xa que a lei establece que a información ha de estar dispoñible para os usuarios antes de contratar o uso dos aparcadoiros e a realidade é que o 46% dos establecementos estudados teñen as súas tarifas mal localizadas.

En 60 deles, é necesario chegar ata a cabina de pago para poder consultar o prezo das tarifas, o que demostra unha falta absoluta de respecto cara ao dereito de información do consumidor.

En definitiva, con este estudo comprobouse que, malia que a normativa impide a facturación por bloques, moitos aparcadoiros seguen redondeando as estancias do usuario. Por outra banda, verificouse que só se reduciron as tarifas para estancias de 5 minutos, mentres que en estancias de 48 minutos o usuario pagará un 7% máis ca antes da entrada en vigor da lei e, para unha permanencia de 3 horas, o ascenso rexistrado é do 15% de media, aínda que nalgúns cidades pode superar o 30% do prezo. Hai que sinalar tamén que non hai diferenzas significativas entre as irregularidades cometidas polos aparcadoiros de titularidade privada ou pública, aínda que os establecementos privados adoitan ser máis caros, ata un 24% máis de media para unha estancia de 48 minutos.

Ou sexa, a entrada en vigor da nova lei que prohibía o redondeo non supuxo ningún alivio para o peto dos usuarios; de feito, produciuse un axuste á alza das tarifas, amparándose en que agora os aparcadoiros deben cobrar por minutos. Ademais, as prácticas irregulares son numerosas e a OCU considera que o que non conseguiu erradicar a lei por si mesma deberían logralo unhas inspeccións máis rigorosas.

[www.ocu.org](http://www.ocu.org) (Texto adaptado)

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A2' section.